

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES AS MARIÑAS
CURSO: 4º
MATERIA: CULTURA CLÁSICA
DEPARTAMENTO: GREGO
DATA: 10 MAIO

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Coñecer os principais deuses da mitoloxía grecolatina.	Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia, explicando a súa xenealoxía e establecendo as relacións entre os diferentes deuses . (CD – CCEC – CCL)
Coñecer os mitos e os heroes grecolatinos e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais.	<ul style="list-style-type: none"> - Identifica dentro do imaxinario mítico deuses, semideuses e heroes, e explica os principais aspectos que os diferencian. (CCEC – CD – CCL) - Recoñece referencias mitolóxicas nas artes plásticas, sempre que sexan claras e sinxelas, describindo, a través do uso que se fai destas, os aspectos básicos que en cada caso se asocian á tradición grecolatina. (CCEC – CD)
Coñecer a pervivencia da mitoloxía e os temas lexendarios nas manifestacións artísticas actuais.	Demostra a pervivencia da mitoloxía e os temas lexendarios mediante exemplos de manifestacións artísticas contemporáneas nas que están presentes estes motivos. (CAA – CCEC)
Coñecer e saber localizar os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo.	Localiza nun mapa os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e a súa cronoloxía aproximada. (CAA – CD – CCEC – CMCCT)

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Terán a materia aprobada aqueles alumnos que teñan os dous primeiros trimestres aprobados. <p>O alumnado que teña a segunda avaliación suspensa, recuperará coas actividades que se farán neste terceiro trimestre.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Conexión ás clases virtuais. - Realización de actividades programadas. - Participación e esforzo persoal.
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: A cualificación final será o resultado de aplicar as seguintes porcentaxes:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Nota da primeira avaliación: 50% - Nota da segunda avaliación: 50% <p>A estas porcentaxes poderá sumarse ata 2 puntos dependendo do grado de realización das tarefas do terceiro trimestre.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>No caso de non superar os contidos programados en xuño, o alumnado suspenso poderá realizar en setembro unha proba escrita baseada nos contidos mínimos impartidos nos dous primeiros trimestres.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación: Non hai alumnado coa materia pendente.</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre(recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	- Realización de exercicios prácticos sobre os contidos sinalados.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Todo o alumnado dispón de conectividade.</p> <p>Estanse facendo exercicios do libro de texto e cuestionarios sobre vídeos.</p> <p>Parte de estas tarefas están colgadas na plataforma dixital Classroom e, á vez, envíanse a cada alumno por correo electrónico.</p>
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none"> - Libro de texto. - Vídeos divulgativos. <p>Como recursos utilízase a plataforma dixital Classroom e o correo electrónico.</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	A comunicación co alumnado e a súa familia realízase por correo electrónico e a través do titor.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.